

CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA ESO

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 25. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico perso-

**nalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumna-
do.**

**Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a per-
manencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización
do segundo ano do programa.**

**6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específi-
co personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de
acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de
educación.**

**7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo
curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obri-
gatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuar-
to curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o
equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das
competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase pro-
longar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.**

**8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do
alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación se-
cundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano
máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave es-
tablecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.**